

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TRAZO

Bases da convocatoria de subvencións dirixidas ás familias para adquisición de libros de texto e material escolar. Curso 2024/2025

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data de 4 de setembro aprobou a convocatoria e bases para adquisición de libros de texto e axudas de material escolar para o curso 2024/2025 que se transcriben de seguido:

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2024/2025

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases, a regulación da convocatoria pública, por parte do Concello de Trazo, para a tramitación e concesión de subvencións destinadas ás familias para os gastos de libros de texto e de material escolar.

2. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Libros de texto e material escolar que sexa necesario por consecuencia da escolarización obrigatoria e infantil, que non fora financiado a través da participación no fondo solidario de libros de texto e axudas para a adquisición de libros de texto e de material escolar.

3. BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai ou titor dun ou varios nenos/as menores de idade, que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar ó día no pago das obrigas tributarias co Concello de Trazo.
- Que a/o menor estudie no colexio de Trazo.
- Ingresos iguais ou inferiores ó 80% do IPREM, per cápita.

A estes efectos, para calcular os ingresos per cápita, teranse en conta todos os ingresos da unidade familiar, integrando esta a nai, pai ou titores e irmáns que estean empadroados no domicilio familiar. (No caso de que algunha das fillas e algún dos fillos teña recoñecido un grado de discapacidade igual ou superior ó 33% e sexa economicamente dependente dos seus proxenitores computará como dous membros)

- Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS.

As contías das subvencións quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo:

Material escolar

Nivel de estudos	Contía
Educación infantil, primaria e secundaria	Máximo 120,00€ por menor. (Descontarase o concedido polo mesmo concepto a través doutras administracións)

5 DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA.

Para a subvención incluída na presente convocatoria, reservarase crédito por importe total de 3.000, 00 euros na partida 231-480 00

6 DOCUMENTACIÓN.

Deberá presentarse no rexistro xeral do Concello de Trazo a seguinte documentación para a solicitude de subvención:

- Solicitude normalizada conforme o anexo I
- Certificado de convivencia. (incorporarase de oficio)
- Copia do DNI do pai, nai ou titor.
- Libro de familia ou equivalente

- Certificado do número de conta bancaria, sendo titular a proxenitora ou proxenitor solicitante
- Certificado do centro escolar no que estean matriculados/as, facendo constar a súa condición de Bolseiro/a / Non Bolseiro/a e a axuda recibida, e se o/a alumno/a se atopa repetindo curso ou non. A efectos de dar cumprimento no disposto na Lei de subvencións.
- Facturas dos gastos realizados (corresponderán ós gastos feitos dende 01/07/2024 ata o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes)

O departamento correspondente revisará os expedientes das solicitudes e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ó solicitante para que no prazo de dez días a partir da data de notificación achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

7 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro xeral do Concello de Trazo ou na sede electrónica do mesmo.

O prazo para presentar as solicitudes é dun mes, a contar a partir do seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

8 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O órgano correspondente concederá as axudas a todos os solicitantes que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía establecida no apartado 4, e sempre que exista crédito adecuado. No caso de que o importe total do crédito reservado sexa insuficiente, prorratearase en función das solicitudes concedidas.

9 TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES

Tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, logo da proposta formulada polos servizos sociais. A Xunta de Goberno Local, logo do informe da intervención municipal, adoptará a resolución motivada que proceda. Dita proposta conterá a relación de solicitantes, as subvencións acordadas e a súa contía, e as denegadas co seu motivo.

10 OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

- Realizar o gasto obxecto da subvención.
- Acreditar o cumprimento da finalidade da subvención, coa presentación das facturas correspondentes (orixinais ou fotocopias) dos gastos realizados, sendo obrigada a relación do material adquirido.
- Deberán presentar xustificantes pola totalidade dos gastos efectuados para cada unha das actividades subvencionadas. De non ser así, o Concello modificará as contías en proporción ó efectivamente xustificadas.

Unicamente serán subvencionables os que respondan de maneira indubidable á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

- Someterse ás actuacións de comprobación por parte do Concello e ás de control financeiro que corresponda á intervención municipal.

- Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei xeral de subvencións.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderase resolver coa suspensión do pagamento da subvención ou co seu reintegro.

Unha vez concedida a subvención, procederase á súa notificación a todos os solicitantes nun prazo máximo de dous meses dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas, poderase formular os recursos que procedan.

11 PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

Vista a documentación obrante en cada expediente, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso proporá que se efectúe o aboamento correspondente según o caso.

Nos supostos de non presentar a totalidade dos xustificantes requiridos ou de non certificar o cumprimento da totalidade dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, aboarase, de forma provisional, segundo o importe xustificadas ou segundo a desviación das previsións iniciais.

12 DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Para o non previsto nesta convocatoria, será de aplicación o disposto na Lei xeral de subvencións.

Trazo, 4 de setembro de dous mil vinte e catro.

A alcaldesa

Josefina Suárez López

ANEXO I**PROCEDEMENTO**

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS FAMILIAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO 2024/2025

DATOS DO SOLICITANTE

Don/a con DNI enderezo en , CP , TRAZO. (teléfono)

FILLOS EN IDADE ESCOLAR OBRIGATORIA

NOME E APELIDOS	IDADE	CURSO

OUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	PARENTESCO COS MENORES

DOCUMENTACIÓN A ADXUNTAR

- Solicitude normalizada (ANEXO I)
- Fotocopia DNI da nai/ pai/ titor
- Certificado de convivencia (incorpórase de oficio)
- Fotocopia libro de familia ou equivalente
- Certificado número conta bancaria
- Certificado do centro escolar

Trazo de de 2024.

Asdo/

En cumprimento de lo previsto en la LO 15/99 de Protección de Datos de Carácter Personal y el RD 1720/07, Reglamento de Desarrollo, le informamos que los datos recogidos por El Excelentísimo CONCELLO DE TRAZO con la finalidad de llevar a cabo la gestión contable, fiscal y administrativa, serán almacenados en uno o más ficheros titularidad del Ayuntamiento y el cual se encuentra debidamente inscrito en la Agencia Española de Protección de Datos.

Así mismo los datos podrán ser cedidos a empresas con la finalidad de gestionar cobros de impuestos o prestar servicios como abastecimientos, servicios municipales, elaboración de estadísticas de padrón, u otras actividades relacionadas con el normal funcionamiento del Ayuntamiento.

Usted podrá, en todo momento, ejercitar los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición sobre sus datos personales así como el de revocación del consentimiento para cualquiera de las finalidades antes señaladas, enviando a CONCELLO DE TRAZO, VIANO PEQUEÑO, N ° 14, 15687, TRAZO, A CORUÑA carta debidamente firmada, donde consten claramente los datos de contacto a la cual deberá acompañarse fotocopia de su DNI/NIF o documento que acredite su identidad.

ANEXO I continuación**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA BAIXO A SUA RESPONSABILIDADE:

- 1.–Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- 2.– Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- 3.– Estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.
- 4.-
 - Solicitei ou recibín axuda para a mesma finalidade por importe de€, pero no seu conxunto xunto con esta, non supera o custo do material adquirido
 - Non RECIBÍN/SOLICITEI outra axuda para o mesmo fin

As persoas abaixo asinantes, AUTORIZAN:

- Ao Concello de Trazo para que realice as comprobacións oportunas en relación cós apartados anteriores, durante todo o período que dure o proceso de concesión e pago das axudas para o curso 2024/2025
- Ao Concello de Trazo a solicitar a Axencia estatal da Administración Tributaria, dos servizos tributarios da Xunta de Galicia e a Tesourería Xeral da Seguridade Social os datos relativos ao cumprimento da súa obrigación tributaria e de seguridade social para comprobar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención de axudas de adquisición de libros de texto e material escolar para familias con fillas e fillos escolarizadas en centros de Trazo. A presente autorización outórgase exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda mencionada anteriormente, em aplicación do disposto pola Disposición Adicional Cuarta da lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en Vigor da Lei 35/2006 pola que se aproba a Lei de Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, no artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que permiten previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP para o desenvolvemento das súas funcións e arts. 12 e seguintes do RD 209/2003 de 21 de febreiro polo que se regulan os rexistros e as notificacións telemáticas, así como a utilización de medios telemáticos para a substitución da achega dos certificados polos cidadáns.
- Á consulta de datos relativos a certificados de discapacidade.
- Á consulta do nivel de renda
- Así mesmo autorizan a consulta dos datos tributarios dos tributos propios do Concello de Trazo

NOME E APELIDOS	DNI	AUTORIZA A CONSULTA	SINATURA

_____, _____ de _____ de 2024

Asdo.: _____

2024/6425